



Concello de Vigo

BASES TÉCNICAS PARA A ADQUISICION DE UNHA MÁQUINA LIMPAPRAIAS

O Servizo de Limpeza Municipal ten encomendada a tarefa do coidado e limpeza dos areas da cidade de Vigo, para o que dispón de persoal específico para este fin que traballa diariamente nos meses de verán e semanalmente no inverno. Para apoiar e facilitar a labor de limpeza manual existen técnicas de cribado e volteo da area que se fan con medios mecánicos. Simultaneamente co cribado mecánico acádase tamén a aireación da area que evita a fermentación de materia orgánica retida nela.

Para levar a cabo esta operación é preciso adquirir un novo equipo mecánico arrastrado por un vehículo tractor de dobre tracción do que xa dispón o Parque Móvil Municipal. O emprego deste equipo presentará ademais a ventaxa dun elevado rendemento de limpeza polo ancho da pasada e a velocidade de traballo.

Características esenciais:

- Máquina remolcable mediante tractor e de funcionamento hidráulico.
- Accionamento hidráulico a toma de forza con potencia máxima do tractor 100 Cv
- Ancho de traballo non inferior a 1,80 metros e non superior a 2,20 metros.
- Ancho da malla non inferior a 1,60 metros.
- Capacidade da tolva non inferior a 2 metros cúbicos
- Altura de descarga non inferior a 2,50 metros.
- Sistema tapahuellas elevable hidráulicamente.
- A máquina estará dotada dun enfriador do aceite hidráulico
- O sistema de accionamento e control da máquina será mediante panel acoplable na cabina do tractor coas mínimas reformas posibles neste, que correrán por conta do adxudicatario.



Concello de Vigo

- A máquina disporá dun sistema CCTV e monitor para visualizar dende o posto do operador a zona traseira como seguridade en manobras e verificación da calidade do traballo realizado.
- Previo á pintura de acabado será realizado un galvanizado por inmersión en quente.
- O ancho dos neumáticos non será inferior a 300 mm en lamia de 17 pulgadas.
- A máquina será suministrada con dúas mallas de traballo, unha con pase de espiras a 25 mm. e outra co paso de espiras a 20 mm.

OBSERVACIÓNS

1. Os ofertantes aportarán catálogos, esquemas e detalles dos componentes esenciais da máquina.
2. Independentemente da obrigatoriedade de que a máquina limpapraias cumpra con todos os requisitos legais, os ofertantes aportarán unha descrición detallada de todos os órganos relacionados coa prevención de accidentes. A disposición destes elementos e as súas características serán tidos en conta na puntuación da máquina.
3. Os ofertantes aportarán listado de distribuidores e talleres oficiais, especificando os que atopan na localidade, provincia e comunidade autónoma.
4. Os ofertantes aportarán un estudio de mantemento, incluíndo o custo de unha revisión anual da máquina, e o prezo dos repostos máis habituais.
5. Unha vez entregado o equipo nas instalacións do Parque Central de Servizos Municipais sitas en Santa Cristina de Lavadores, o adxudicatario quedará comprometido a impartir instrucións de uso do aparato no departamento do Parque Móbil Municipal ao longo de unha xornada laboral (7,30 horas). Esta formación será realizada por persoal cualificado para impartila. Unha vez rematada a formación, asinarase o Acta de Recepción no mesmo lugar da entrega do vehículo e da formación, conforme ao establecido no Prego de Clausulas administrativas particulares.
6. Os ofertantes farán constar o prazo de garantía, que en ningún caso será inferior a un ano, e constitúe un dos criterios de negociación.



Concello de Vigo

7. Os ofertantes farán constar o prazo de entrega que en ningún caso superará os 20 días hábiles e que empezarán a ser contabilizados a partir da sinatura do contrato.
8. O adxudicatario facilitará os elementos de conexión da máquina limpapraias ao tractor, propiedade do Concello de Vigo e que este destina a este fin, certificando que dita conexión é correcta desde todo punto de vista.
9. O adxudicatario facilitará en copia de papel e de soporte informático os manuais de instrucións de mantemento e de operacións da máquina. Asemesmo aportará toda a documentación necesaria (ITV superada) para a matriculación da máquina.
10. O adxudicatario aportará certificación do cumprimento CE da máquina limpapraias.
11. O adxudicatario aportará certificación de conformidade en canto á seguridade da máquina, emitada por unha entidade autorizada.



O XEFE DO PARQUE MOBIL

Santiago Alonso Ferragud



Concello de Vigo

**CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN PARA A ADQUISICION DE UNHA MÁQUINA
LIMPAPRAIAS**

Os criterios de negociación que estimamos convenientes son os seguintes:

- Maior baixa ofertada 30 puntos
- menor Prazo de entrega 10 puntos
- maior prazo de Garantía 10 puntos
- Características técnicas 30 puntos
- Estudio de mantemento 5 puntos
- Accesorios ou equipamento extra como por exemplo mallas de aceiro inoxidable, sistema de engraxe centralizado ou calqueroutro que o licitador estime adecuado para o traballo nas praias da cidade. Para valorar este criterio, o licitador presentará catálogos oficiais do fabricante onde apareza claramente o prezo 15 puntos
- Partida orzamentaria: 16206240000
- O prezo máximo estimado para a adquisición de unha máquina limpapraias ascende a 67.800 euros iva incluído, conforme ás referencias obrantes nesta xefatura segundo ás condicións de mercado e ás características do contrato, así como ás ofertas de distintos provedores que incluen no expediente.

O XEFE DO PARQUE-MOBIL

Santiago Alonso Ferragud

